

O CAMIÑO SOÑADO

[Angela Schanelec, 2016]

PASE ÚNICO EN NUMAX: 26.02.2018 | V.O.S.E.

Der traumhafte Weg (2016, 86')

Dirección: Angela Schanelec

Guión: Angela Schanelec

Elenco: Maren Eggert, Stefan Butzmühlen, Paula Knüpling, Miriam Horwitz, Caroline Garnell, Cornelius Schwalm, Brandon Lacey, Thorbjörn Björnsson, Petra Trenkel

Montaxe: Halina Daugird, Angela Schanelec, Maja Tennstedt

Son: Andreas Mücke-Niesytka

Montaxe: Halina Daugird, Angela Schanelec, Maja Tennstedt

Vestuario: Birgit Kilian

Dirección de arte: Pegah Ghalambor

Fotografía: Reinhold Vorscheider

Produtoras: Filmgalerie 451, Tigerlily Films (Alemaña)

Distribuidora: Film Galerie 451

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Alemán

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Bridges of Sarajevo, 2014

Orly, 2010

Afternoon, 2007

Marseille, 2004

My Sister's Good Fortune, 1995

I Stayed in Berlin All Summer, 1994

The Death of the White Stallion, 1985

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2016 (Sección oficial),

Hamburgo 2016 (Sección oficial)

SINOPSE

Un retrato do desencanto e da fin do amor a través de dúas parellas, dúas historias separadas por trinta anos. Grecia, 1984. Kenneth, inglés, e Theres, alemá. Mochila ao ombreiro, gañan o seu sustento cantando nun parque. Cando Kenneth ten que partir porque a súa nai está no hospital, algo difícil de recuperar racha. Trinta anos máis tarde, Ariane, actriz de televisión, deixa ao seu marido tras unha crise matrimonial. No Berlín de 2014, ambas historias han confluír.

«O fluxo de emocións é desencadeado por unha radicalización da experiencia sensíbel. A conmoción, máis que narrativa, é física»

Roger Koza, CON LOS OJOS ABIERTOS



“Repensar os límites do cinema narrativo”

Fragmentos da entrevista con Angela Schanelec

Por Jordan Cronk

Angela Schanelec botou 20 anos repensando os límites do cinema narrativo. Na súa última creación, *O camiño soñado*, a directora alemá, a máis radical e a menos coñecida da celebrada Escola de cinema de Berlín, continúa na súa liña de reducir os filmes á súa esencia. Cada xesto e cada movemento, cada ollada, existen como elementos illados e á vez co dependentes dunha estrutura visual e narrativa que vai medrando gradualmente. *O camiño soñado* narra dúas historias simples ás que separan 30 anos, sobre dúas parellas: unha de vacacións a principios dos 80 en Grecia e outra no Berlín actual. Dentro dunha estrita narrativa, moitos obxectos e detalles sensoriais rebeláanse como condutos insólitos para un desenvolvemento experiencial. Como algunhas das súas influencias máis notorias (Bresson, Godard, Denis), Schanelec busca activar o pensamento e as sensacións con economía de medios, deixando as explicacións de lado. Moi poucas pezas do cinema contemporáneo buscan isto.

Mesturando as parellas no que parecen dramas diferentes, Schanelec condensa maxistralmente o tempo e fusiona a información, trazando paralelismos e destinos parellos a través

de discretas correlacións visuais e suxestivos ritmos. A historia ambientada a inicios dos 80 segue unha parella vagabunda cando tenta salvar a súa relación e manter as súas aspiracións artísticas mentres os problemas familiares e profesionais ameazan con separalos. Na historia do Berlín actual, outra parella trata de resolver asuntos persoais e finalmente hai unha separación.

Parece importante o código emocional que conleva cada imaxe. Aínda que o público non poida asumir dun xeito racional unha imaxe sen unha narración, hai algo que golpea e que ten entidade propia en cada plano por si propio. Así é como penso as imaxes. O filme está composto de imaxes. Podes dicir, vale, un filme sempre está composto de imaxes, pero que significa iso? Se tomas en serio a idea e te preguntas como teñen que ser as imaxes, como teñen que estar estruturadas... Soa moi xeral, pero se ves o filme entenderás o que digo.

(...) Neste filme interesábanme máis os corpos dos actores nun espazo ou lugar, mentres que nos anteriores isto era algo diferente. É a primeira vez na que me interesa en como se move o corpo e no que fai o corpo. Cando amoso un corpo non quero que o público estea pensando na psicoloxía. Unha forma de facelo é amosando só as partes do corpo que se moven e desencadean a acción. Por iso hai tantos planos de mans e pés, por exemplo. Se quero amosar que alguén está agardando e só ensino o seu pé, que non se move, é totalmente diferente a amosar o corpo enteiro. O espectador empeza a pensar en como está o personaxe e en como espera porque trata de ler a emoción

na súa cara. Se non quero que isto suceda, tan só podo ocultar a cara.

Como afecta iso aos actores? De xeito diferente, depende de cada quen. Por exemplo, Miriam Jakob é bailarina. Cando estaba facendo o casting buscamos bailaríns e bailarinas porque pensei que sería interesante contar con alguén moi consciente do seu corpo e movementos. Ela dixo que non tiña ningún problema cando lle dixen que non filmaríamos a súa cara. Díxenlle que o rostro é parte do corpo e gústame pensar que nunca se sentiu forzada a expresar algo que non estaba pasando no seu rostro nun momento dado. Maren Eggert hai moitos anos que é actriz, coñecémonos porque filmamos xuntas antes deste xeito. E Thorbjörn Björnsson é cantante, este era o seu primeiro filme, así que estaba moi aberto a estas ideas.

O teu xeito de fragmentar tráenos Bresson á mente. Tamén escoitei comparar o filme e a súa narrativa ao traballo de Claire Denis. Es consciente das influencias cinematográficas ou doutro tipo, cando filmas? Neste filme a influencia de Bresson é moi obvia. Tiven unha longa relación cos filmes de Bresson —coñézoos desde que comecei a filmar—. É imposible utilizar a linguaxe que creou sen pensar nel. Pero tiven que facer moitos filmes ata chegar ao punto onde podo facer cousas semellantes sen ter medo a que alguén diga que isto é unha copia de Bresson, porque é algo máis. Pero levoume tempo sentirme libre abondo para facelo.

Publicado en filmcomment.com
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Notas sobre o cinematógrafo,
Robert Bresson. Positivas, 1993

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



Abónate e ven sempre por 4,5€

Faite NUMAX!